

MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
“Luis Freire”

Volume 12
2009

**APUNTES SOBRE AS EXCURSIÓNS DO GMG EN 2008 CON ESPECIAL
MENCIÓN A FLORA E VEXETACIÓN OBSERVADA.**

por

E.SAHUQUILLO BALBUENA*

Outro ano máis cumprimos cos obxectivos propostos; o prioritario que é gozar coa procura e a observación dos tan prezados “froitos da terra” e os secundarios, aínda que non por iso menos importantes, que é divertirse coa compañía do colectivo, dos cada vez máis sofisticados xantares e por suposto, de exercitar a capacidade de deixarnos atrapar polos pequenos ángulos do camiño onde a paisaxe non deixa de sorprendernos.

A primeira visita deste ano realizouse ao complexo dunar de Nerga-Barra, pertencente ao LIC Costa dá Vea na Península do Morrazo. Bonito enclave costeiro, considerado zona de especial protección polos seus valores naturais, aínda ben conservado a pesares dos miles de veraneantes que percorren as súas dunas e praias. Sitúase, desde un punto de vista corolóxico, na rexión Eurosiberiana, provincia Cantabro-Atlántica, sector Galaico-Portugués, subsector miñense o que nos indica un clima oceánico húmido, con tendencia a aridez estival e ausencia de xeadas. Trátase do cordón dunar máis extenso da ría de Vigo, no que pódese observar a gradación da vexetación, desde as dunas móbiles con *Ammophila arenaria* L., as dunas fixas con vexetación herbácea ou pequenos caméfitos como *Crucianella maritima* L. ou *Helichrysum picardii* Boiss. et Reut., sendo destacable a presenza da camariña (*Corema album* (L.) D. Don). A existencia de amplas zonas nas dunas grises colonizadas por especies exóticas como piñeiros (*Pinus pinaster* Aiton e *P. pinea* L.), eucaliptos (*Eucalyptus globulus* Labill.) ou acacias (*Acacia longifolia* (Andrews) Willd.), non desmerece a calidade desta paraxe natural.

A seguinte excursión, no mes de marzo, realizouse á Serra da Capelada, unha zona bastante coñecida por moitos de nós pero que nunca deixa de sor-

*Dpto. Biol. Animal, Biol. Vexetal e Ecoloxía. Fac. Ciencias. Universidade da Coruña. Campus A Zapateira s/n. E-15071-A Coruña. e-mail: elvira@udc.es



Cytisus commutatus (Foto: E. Sahuquillo)

prendernos. Esta zona encádrase tamén na rexión Eurosiberiana, na provincia Cantabro-atlántica pero no sector Galaico-Asturiano, con clima oceánico húmido, caracterizado pola súa elevada precipitación (1376-2103 mm) e a ausencia de xeadas. Este espazo pertence ao LIC Costa Ártabra. A súa particular litoloxía (anfíbolitas, ecloxitas ou peridotitas, etc.) e xeomorfoloxía permiten que se desenvolvan diferentes hábitats e sobrevivan neles un número importante de especies raras ou endémicas de Galicia. Nesta ocasión o día estivo espléndido e puidemos gozar dunha impresionante paisaxe desde a garita de Vixía herbeira, que coas súas 613m s.n.m. está considerado o cantil máis alto da Europa atlántica. Ademais, desde os

diferentes observatorios distribuídos ao longo da estrada en dirección a Cabo Ortegal puidemos contemplar a serpenteante Ría de Ortigueira, a Rasa Cantábrica e o Cabo de Estaca de Bares, paisaxe incomparable a pesar da inconcibible canteira que, do mesmo xeito que noutras moitas ocasións, esnaquiza a nosa paisaxe. En Vixía Herbeira sorprendéronnos algunhas especies temperás como o tapiz de *Gentiana verna* L., especie de distribución Cantabro-Pirenaica, que presenta a súa única poboación en Galicia neste enclave próximo a costa servindo como rexistro dos cambios ambientais que afectaron a Galicia no pasado. Ademais, estaba en flor o endemismo da cornixa cantábrica, *Thymelaea coridifolia* (Lam.) Endl. e descubrimos as rosetas de *Centaurea borjae* Valdés Berm. et Riva Goday, especie endémica en perigo de extinción. Xa en Cabo Ortegal observamos o raro cáncaro, *Primula veris* L. e outro endemismo en perigo de extinción, *Linaria polygalifolia* Hoffmanns. et Link subsp. *aguillonensis* (García Mart.) Castroviejo et Lago. Diferentes tipos de matogueiras compostas por *Ulex europaeus* L., *Cytisus commutatus* (Willk.) Bricq., especie endémica do NW peninsular, *Erica erigena* R. Ross, *Erica vagans* L. ou *Ulex gallii* Planch. formaron parte da paisaxe que nos acompañou ao longo do día, a pesar da transformación que sufriron moitas zonas desta serra para favorecer a súa explotación gandeira, eólica ou forestal.



Gentiana verna (Foto:A.Prunell)

Ourensán-Sanabriense. A paisaxe característica da zona constitúeno os afloramentos de bloques graníticos entre bosquetes de castiñeiro (*Castanea sativa* Mill.), rebolo (*Quercus pyrenaica* Willd.) ou carballo (*Quercus robur* L.), que se acompañan a súa vez das especies mediterráneas como o érbedo (*Arbutus unedo* L.) e a sobreira (*Quercus suber* L.), favorecidas polo ambiente cáldido e a humidade ambiental. A matogueira que se desenvolve en zonas abertas está dominado polas uezes de gran porte como *Erica australis* L. e *Erica arborea* L.

En abril fómonos ao Mosteiro de San Pedro de Rocas, situado no municipio de Esgos (Ourense) que está considerado o máis antigo de Galicia (s. VI) e que foi declarado monumento histórico artístico en 1923. Atópase situado nunha paraxe pertencente ao LIC Canóns do Sil que se ubica dentro da Rexión Mediterránea, na provincia Carpetano Ibérico Leonesa e no sector

No mes de maio retornamos ao mundo mediterráneo cunha rápida incursión ao N de Portugal. Visitamos o municipio de Monção, alén da ribeira do Miño, fronte a Salvaterra do Miño, na provincia de Pontevedra. Este foi unha viaxe chea de sorpresas que comezou coa observación dunha enorme poboación da orquídea *Serapias lingua* L. nos céspedes da Estación de Servizo da Ría de Vigo (ao redor de 1000 individuos). Xa nas proximidades de Monção visitamos o lugar de O Mosteiro, onde percorremos un pequeno bosque de ribeira rico en ameneiros (*Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.), fentos (*Osmunda regalis* L., *Athyrium filix-femina* (L.) Roth., *Blechnum spicant* (L.) Roth.), freixos (*Fraxinus angustifolia* Vahl.), salgueiros (*Salix atrocinerea* Brot.) e outras herbáceas (*Scrophularia auriculata* L. e *Anthoxanthum amarum* Brot.), ao bordo do pequeno río Eucastro, afluente do Mouro, que a súa vez desemboca no Miño. Tamén exploramos a carballeira asociada, formada por *Quercus robur* L., *Hedera hibernica* (G.Kirchn.) Bean, *Laurus nobilis* L., *Lonicera periclymenum* L., *Frangula alnus* L., *Pyrus cordata* L. no estrato arbóreo e *Saxifraga spathularis* Brot., *Anthoxanthum odoratum* L. e *Arenaria Montana* L. no herbáceo. Nos



Linaria polygalifolia subsp. *aguillonensis*
(Foto: A. Prunell)

muros das corredoiras estaban en flor *Anthirrhinum bellidifolium* (L.) Will. e *Sesamoides suffruticosa* (Lange) Kuntze. Para completar a xornada, todos gozamos dun opíparo xantar á portuguesa, que finalizou cuns impresionantes doces, todo iso preparado de forma caseira e tradicional. Deliciosamente grato!

A excursión do mes de Xuño comezou, se podemos dicilo así, por casualidade. Tras unha serie de

descoidos colectivos conseguimos reunirnos no punto de encontro, a partir do cal visitamos o denominado “Souto da Retorta” ou eucaliptal de Chavin (concello de Viveiro), declarado monumento natural pola Xunta de Galicia en febreiro de 2000. Para chegar a zona onde se atopa o rodal de eucaliptos atravesamos os vestixios da carballeira propia deste sector biogeográfico (Galaico-Asturiano) pertencente á asociación *Blechno spicanti-Quercetum roboris* Tüxen et Oberdorfer 1958. Esta formación atópase enriquecida pola presenza de ameneiros, xa que se mixtura co bosque de ribeira (*Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae* Amigo, Guitián et Fernández Prieto 1987) que segue o curso do río Landro. Percorremos o carreiro ata chegar ao considerado “O avó”, o eucalipto máis grande (61,8 m e 7,6 m de perímetro) e lonxevo de Galicia, aínda que outros que se atopan na súa contorna non teñen moito que envexarlle, moitos destes exemplares superan os 100 anos. Tras a comida fómonos á praia de Arealonga, no Vicedo, na Ría do Barqueiro, onde puidemos observar a vexetación de dunas e algunhas orquídeas xa en flor como: *Ophrys apifera* Huds., *Dactylorhiza elata* (Poir.) Soó ou *Serapias parviflora* Parl.

En xullo redescubrimos o Mosteiro de Carboeiro (Silleda, A Coruña), encantadora paraxe, onde os sobreirais do río Deza fálannos de novo de épocas pasadas onde o clima favoreceu a súa chegada a Galicia. Este recodo pertence ao LIC Sistema fluvial Ulla - Deza que está situado no sector Galaico-Portugués, da rexión Eurosiberiana. Ademais de visitar o mosteiro e observar as sobreiras, achegámonos as Fervenzas da Toxa, pero nesta ocasión seguimos unha ruta que sae desde Merza. Atravesamos a ponte sobre o río Deza e as-

cendemos cara ás fervenzas percorrendo un ben conservado bosque de ribeira (*Senecio bayonenses-Alnetum glutinosae* Amigo, Guitián et Fernández Prieto 1987) con ameneiros e freixos (*Fraxinus excelsior* L.), fentos (*Osmunda regalis* L., *Athyrium filix-femina* (L.) Roth., *Dryopteris filix-mas* (L.) Schott) e a súa carballeira asociada (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* Br.-Bl., P.Silva et Rozeira 1956), onde a influencia mediterránea déixase notar pola presenza de especies como o érbedo, a sobreira ou o loureiro.



Primula veris (Foto:A.Prunell)

En setembro regresamos a Lugo, novamente ao LIC Cañon do Sil, pero nesta ocasión a contorna do pobo de Os Peares, onde se unen os tres ríos Búbal, Miño e Sil. Realizamos unha camiñata pola zona do Rigueiro na parroquia de Pombeiro, unha ampla e agradable carballeira, con moito castiñeiro cara ao río e máis bidueiro cara a parte alta da ladeira. A presenza de érbedo e loureiro, indicánnos o ambiente mediterráneo no que nos atopamos. Cerca do regato do Rigueiro descubrimos os muíños tradicionais entre o bosque de ribeira composto por ameneiros, bidueiros e salgueiros acompañados dos fentos característicos, ademais das rosetas de primulas. Logo deste paseo realizamos unha visita á igrexa de finais do século XII de San Vicente de Pombeiro (Pantón) e aos restos arqueolóxicos do Preguntoiro, onde se poden observar sarcófagos antropomorfos tallados nas rocas. Trátase dunha zona totalmente colonizada por acacias (*Acacia dealbata* Link) que case cubrían o xacemento. Sirva esta puntualización como unha chamada de atención a conservación do noso patrimonio. No percorrido observamos fentos como *Asplenium adiantum-nigrum* L. ou *Polypodium vulgare* L. e nos muros do pobo *Petrorrhagia prolifera* (Burnat.) P.W.Ball et Heywood, propia de roquedos e cunetas en ambientes mediterráneos. Para terminar a relaxante xornada reunímonos na antiga fábrica hidroeléctrica de Acea de Búbal situada ao bordo do río Búbal, co seu ben recuperado contorna.

No mes de outubro volvemos a costa, en concreto ao LIC Costa da Morte. A visita de outubro comezou cunha parada no bordo do mar, nun piñeiral ma-

duro de *Pinus radiata* D.Don, situado en Xaviña (Camariñas), no seu sotobosque despexado atopamos rebrotes de castiñeiro e bidueiro, mesturados con *Daphne gnidium* L. e *Rubia peregrina* L., que poñen de manifesto a influencia mediterránea. Despois de comer fómonos á zona de espaxamento denominada Pedra Vixía, situada na estrada de Baio a Zas. Trátase dunha carballeira transformada en merendero cerca do muíño, ao bordo do río, con sotobosque axardinado que na marxe oposta do río transformase nunha masa impenetrable de toxo e xestas.

E con esta excursión finalizamos as saídas do ano 2008, satisfeitos polas visitas realizadas a un bo número de lugares considerados de interese comunitario (LIC), as especies atopadas e sobre todo, as paisaxes compartidas.